



**CONCELLO DE POIO**

**Ref: MC**

**(Secretaría)**

ACTA DA SESION ORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS TRINTA E UN REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DÍA VINTE E CATRO DE NOVEMBRO DE DOUS MIL NOVE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezasete horas e corenta minutos do día vinte e catro de novembro de dous mil nove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coa asistencia dos Concelleiros D. Xulio Barreiro Lubián, D. Xose L. Martínez Blanco, D<sup>a</sup>. Luz Senra Lorenzo, Silvia Díaz Iglesias, D. Francisco Piñeiro Murillo, D<sup>a</sup>. Margarita Caldas Moreira, D<sup>a</sup>. Consuelo Besada Lores, D. Gregorio L. Agís Gómez, D<sup>a</sup>. Rosa Fernández González, D. Javier Domínguez Lino, D<sup>a</sup>. Celeste Nieto García, D. Alberto Villaverde Méndez, D. Angel Moldes Martínez, D<sup>a</sup>. Irene Liger Iglesias, Miguel A. Martínez Nacemento e D. Manuel Domínguez Álvarez; escusa a non asistencia a Sra. Interventora D<sup>a</sup>. Olga Fernández Rodríguez actuando a Secretaria Xeral do Concello D<sup>a</sup>. Paula Ramos Díaz Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ó día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

Abre a sesión o Sr. Alcalde Luciano Sobral Fernández, saudando os membros presentes na sesión e dunha forma especial á nova Concelleira Marga Caldas Moreira, que conta co apoio dos membros da Corporación e con todos os compoñentes do Concello.

Fai un recordo do concelleiro D. Miguel Anxo Pazos Barros falecido o pasado 27 de outubro de 2009.

3314.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DO 03/11/2009.- De conformidade co disposto no artigo 91 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta da acta da sesión realizada con data 03 de novembro de 2009, núm. 430, a que quedou aprobada por unanimidade.

3315.- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do estado de execución dos acordos precedentes e que son os que seguen:

"3300.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN NUM. 18/2009 TRANSFERENCIA DE CRÉDITO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra; 3301.- INTERVENCIÓN, PROPOSTA DE ALTERACIÓN DAS PORCENTAXES DE EXECUCIÓN NO INVESTIMENTO "REFORMA PARA ADAPTACIÓN DO CENTRO DE SERVIZOS SOCIAIS".- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse ao Departamento de Contratación e Intervención Municipal; 3302.- INTERVENCIÓN, SOLICITUDES BONIFICACION NAS COTAS DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS DERIVADOS DOS EXPEDIENTES NUM. 469/08 E 470/08.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, comunicouse ao Departameno de Urbanismo, Intervención Municipal e aos intesados; 3303.- CONTRATACIÓN, SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN AVAL DEPOSITADO POR CERTIFICACIÓN DE ACOPIOS OBRA "CASA DE CULTURA DE RAXÓ".- Uniuse certificación do acordo ao expediente, notificouse ao Departamento de Contratación, Intervención Municipal e a empresa solicitante; 3304.- MOCIÓN GRUPOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE POIO, SOBRE O COMPLETO DESENVOLVEMENTO DA LEI 11/2007 PARA A PREVENCIÓN E TRATAMENTO INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse á Xunta de Galicia e aos voceiros dos Grupos Parlamentarios do Goberno Galego; 3305.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE O INICIO EXPEDIENTE REBAIXA DE TAXAS ANO 2010.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e procedeuse ao seu arquivo; 3306.- MOCIÓN DO BNG SOBRE MEDIDAS PARA MELLORAR O FINANCIAMENTO DOS CONCELLOS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse á Presidencia do Goberno de España, presidencia do Goberno de Galicia e aos voceiros dos Grupos Parlamentarios con representación no Senado, Congreso e Parlamento Galego; 3307.- MEDIO AMBIENTE, RATIFICACIÓN DO ACORDO NUM. 7179 DA APROBACIÓN INICIAL DO PLAN DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCEDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE POIO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse ao Departamento de Medio Ambiente; 3308.- CONTRATACIÓN, APROBACIÓN CERTIFICACIÓN NUM. 11 CORRESPONDENTE Á OBRA "CASA DE CULTURA DE RAXÓ" DE ARIAS HERMANOS CONSTRUCCIONES, SA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, notificouse ao Departamento de Contratación, Intervención Municipal e a empresa solicitante; 3309.- SECRETARÍA, ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN EN RELACIÓN COA TRAMITACIÓN PREVISTA NO ARTIGO 182 DA LEI 5/1985, DO 19 DE XUÑO, DO RÉXIME XERAL ELECTORAL.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse acordo á Xunta Electoral Central; 3310.- INTERVENCIÓN, APROBACIÓN BONIFICACIÓN NA COTA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTLACIÓNS E OBRAS

PRESENTADA POR D. JESÚS BALEA BALEA CORRESPONDENTE AO EXPEDIENTE 299/08.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, comunicouse ao Departamento de Urbanismo, Intervención Municipal e aos intesados; 3311.- MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA E DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PARA A DOTACIÓN ECONÓMICA PARA O PROXECTO DE SANEAMENTO REMITIDO EN XUÑO DE 2008.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse acordo á Presidencia da Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Augas de Galicia; 3312.- MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA E DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PARA DEMANDAR DE PORTOS DE GALICIA O CUMPRIMENTO DOS CONVENIOS PARA A EXECUCIÓN DA ZONA PORTUARIA DE RAXÓ E COVELO.-Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse copia a Portos de Galicia; 3313.- MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA E DO GRUPO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOBRE O PLAN DE MOBILIDADE E ORDENACIÓN VIARIA ESTRATÉXICA DA XUNTA DE GALICIA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Consellería de Medio ambiente, Territorio e Infraestruturas."

A Corporación dáse por enterada.

3316.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Pola Secretaria dáse conta das resolucións da alcaldía desde o último pleno ordinario e que estiveron a disposición dos concelleiros xunto cos demais asuntos que figuran na orde do día.

A Corporación dáse por enterada.

3317.- TOMA DE POSESIÓN E INTEGRACIÓN NAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES E CONSELLOS MUNICIPAIS DA CONCELEIRA DO BNG D<sup>a</sup>. MARGARITA CALDAS MOREIRA.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta da Credencial de D<sup>a</sup>. Margarita Caldas Moreira remitida pola Xunta Electoral Central e previo cumprimento do disposto no artigo 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime xeral procede á tomar posesión do Cargo de Concelleira segundo a forma legalmente establecida.

Posteriormente pola Sra. Secretaria dáse conta do escrito de data 17 de novembro de 2009 presentado por D. Xulio Barreiro Lubián actuando en calidade de voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no que propón a incorporación de D<sup>a</sup>. Margarita Caldas Moreira como membro titular das seguintes Comisións Informativas Permantes: a) Comisión Informativa de Urbanismo b) Comisión Informativa de Educación, Cultura e Deportes. c) Comisión Informativa de Facenda. d) Comisión Informativa de Seguimento do Plan Especial de Combarro e do Catálogo de Edificios e Conxuntos

do Concello de Poio. e) Consello Municipal de Cultura.

A continuación os voceiros dos Grupos Municipais proceden a saudar á nova Concelleira ofrecéndolle o seu apoio no desenvolvemento do seu cargo.

Non subscitándose debate ningún, a corporación por unanimidade dáse por enterada da integración de D<sup>a</sup>. Margarita Caldas Moreira nas Comisións Informativas na forma anteriormente descrita.

3318.- MEDIO AMBIENTE, RATIFICACIÓN ACORDO DA XGL 7287 DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado co motivo da aprobación do Plan de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais así como do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión realizada o 09 de novembro de 2009 adoptado por razón de urxencia segundo o disposto no artigo 16 de Regulamento Orgánico Municipal e que di o que segue: "Dáse conta do Plan de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Poio que se aprobou inicialmente por acordo 7179 adoptado por razón de urxencia pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria supletoria realizada o 13 de outubro de 2009, someténdose a información pública durante dez días hábiles mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia número 204 de 22 de outubro de 2009 e no taboleiro de anuncios do Concello.

Consta no expediente acta da Comisión Informativa de Urbanismo, realizada o 27 de outubro de 2009 na que se tomou acordo de coñecemento do devandito expediente e consta igualmente certificación do acordo 3307 adoptado polo Pleno na sesión realizada o 3 de novembro de 2009 no que se ratifica o devandito acordo 7179 da Xunta de Goberno Local nos seus propios termos.

Por último se dá conta da certificación de data 4 de novembro de 2009 emitida pola secretaria xeral do Concello tras a exposición pública do expediente de aprobación inicial do Plan de Prevención e Defensa Contra Incendios do Concello de Poio no que certifica que "[...] segundo os datos que obran no Rexistro Xeral do Concello non se presentou alegación ou reclamación ningunha contra o devandito expediente".

A Xunta de Goberno Local por unanimidade e en exercicio das atribucións delegadas pola alcaldía, por Decreto de 21 de xuño de 2007, de conformidade co disposto no art. 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, (modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro) **acordou:**

**Primeiro:** Aprobar definitivamente o "Plan de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Poio redactado pola empresa Montes y Medio Ambiente Consultores, SL".

**Segundo:** Dar conta do presente acordo á Comisión Informativa de Urbanismo na primeira sesión ordinaria que realice e ao Pleno da Corporación para a súa ratificación nos termos establecidos no artigo 16.d) do Regulamento Orgánico Municipal.

**Terceiro:** Dar conta igualmente do presente acordo xunto co resto da documentación xustificativa nos termos do Convenio asinado coa Consellería do Medio Rural antes do 30 de novembro de 2009."

O expediente foi sometido a consideración da Comisión Informativa de Urbanismo con data 17 de novembro de 2009.

Non subscitándose ningún debate, a Corporación por unanimidade de asistentes acordou ratificar o acordo núm. 7287, de aprobación definitiva do Plan de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión realizada o 09 de novembro de 2009, de conformidade co previsto no artigo 16 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Poio.

3319.- MOCIÓN DO PP INSTANDO AO GOBERNO CENTRAL A REVISAR O SISTEMA DE FINANCIAMENTO DA LEI DE DEPENDENCIA.- Dáse conta do expediente tramitado co motivo da proposta presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular de Poio de data 10 de novembro de 2009 que tivo entrada no Rexistro Xeral o 11 de decembro de 2009, número de rexistro 6072 no que se solicita que se inste ao goberno central a revisar o sistema de financiamento da Lei de Dependencia.

Antes de comezar a deliberación do asunto polo voceiro do Grupo do Bloque Nacionalista Galego, Xulio Barreiro Lubián, preséntase unha emenda a proposta presentada polo PP na que se solicita a adopción do seguinte acordo: "Instar á Xunta de Galicia a:

1°. Dotar nos orzamentos para 2010 recursos suficientes para asegurar a cobertura de todos as persoas dependentes que, de conformidade co calendario de aplicación da lei, teñen dereiro a recibir a súa prestación.

2°. Pagar en prazo as prestacións que teñen recoñecidas as persoas dependentes.

3°. Instar ao Goberno do Estado a que dote nos orzamentos de 2010 de recursos suficientes para asegurar as coberturas derivadas da Lei de Dependencia, de acordo co calendario de aplicación da Lei.

4°. Manter os planos de despregamento do Sistema Galego de Benestar, acelerando a apertura das residencias e centros de día xa construídos e a construción dos que están

proxectados.

5°. Colaborar cos concellos a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar na prestación de servizos e prestacións sociais de calidade ao conxunto da poboación de Galiza."

A continuación pola Secretaria procédese a dar lectura ao ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 17 de novembro de 2009 e que di o que segue: "Dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular de Poio, de data 10 de novembro de 2009, e con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Poio o día 11 de novembro de 2009 e que tras unha ampla exposición de motivos propón, ao Pleno da Corporación a adopción das seguintes propostas de acordo: " PRIMERA.- Instar ao Goberno Central a que asuma o 50% do custo do servizo efectivo outorgado polas CC.AA. na Lei de Dependencia, buscando o cumprimento da lei. SEGUNDA.- Instar ao goberno da Xunta de Galicia a devolver aos concellos o protagonismo que sempre tiveron na atención social delimitando competencias e buscando fórmulas de colaboración entre concellos, deputacións e Xunta de Galicia, para que o cidadán reciba os servizos efectivos que a lei lle garante. TERCEIRA.- Instar ao goberno central a ter en conta o recoñecemento económico efectivo acorde á situación de dispersión e envellecemento de Galicia. CUARTA.- Instar á Xunta de Galicia e aos gobernos municipais a colaborar con todas as entidades prestadoras de servizos sociais para garantir unha rede coordinada de servizos para garantir unha oferta suficiente de prazas de residencia, centros de día, axuda a domicilio, teleasistencia e centros especializados como os de alimentación e distribución de comidas, alzheimer, discapacitados psíquicos e físicos."

A Sra. Ligerio Iglesias manifesta que con esta moción, o Grupo Municipal do Partido Popular de Poio, o que pide é a aplicación da Lei e que se lle informe aos concellos.

O Sr. Barreiro Lubián di que servizos sociais non é competencia nos concellos con menos de 20.000 habitantes. Non nos parece de recibo que a Xunta de Galicia non de conta co recado e nos endosen máis cousas, debe ser a Xunta a que leve esas competencias con respecto a Lei de Dependencias.

O BNG de Poio non está de acordo e non nos parece un razoamento axeitado, polo menos para Poio.

A Sra. Ligerio Iglesias di que non están dicindo de dar prestacións na parte que nos toca, senón que deberíamos ter datos para facer un seguimento e saber se a xente de Poio está ou non atendida.

A Sra. Besada Lores di que a Concelleira de Servizos Sociais sempre truxo datos á comisión.

A Sra. Ligerio Iglesias di que iso non é verdade, teño

as contestacións gardadas.

O Sr. Agís Gómez contéstalle que as traiga. A labor municipal levouse a cabo.

A Sra. Ligerero Iglesias di que non dixo que non se levara a cabo senón que non se sabe o estado de eses expedientes. A labor do Concello é saber se a nosa xente está valorada ou non.

A Comisión por 4 votos a favor do PP, ningunha abstención e 5 votos en contra do PSOE e BNG acordou ditaminar desfavorablemente esta moción."

Comeza a deliberación do asunto a Sra. Ligerero Iglesias reiterando o exposto na comisión informativa e di que votar en contra desta moción sería votar en contra da Lei que foi aprobada polo Congreso dos Deputados.

O goberno da Xunta de Galicia está a facer grandes esforzos para a aplicación desta lei, está a destinar un 45% máis co goberno anterior, o que significa un aumento de dous puntos en gasto social e ademais poñeranse en funcionamento novas dependencias para atender aos dependentes como poden ser os Centros de Día e que implicarán un incremento nas prazas das residencia.

Pensamos que os concellos desenvolven un papel importante nos servizos sociais e pensamos que deben dar:

- \* Atención, información e orientación.
- \* Xestionar o acceso das persoas en situación de dependencia que viven nos seus concellos.
- \* Ter datos de persoas valoradas.

O Sr. Barreiro Lubián di que os datos facilitados son positivos pero a realidade é máis crú. Hai cantidades que aínda están sen aboar. O goberno da Xunta pregoa que o gasto social se vai manter pero a realidade é que están intentando reducir o gasto. A información facilitada pola Xunta aos usuarios non é moita, en Poio debido ao bo servizo que temos non lle ocasiona moitos problemas, pero noutros concellos que non contan cuns servizos sociais bos, en materia de persoal, a situación é distinta. Porque recordemos que os Servizos Sociais non é un servizo obrigatorio para todos, depende da poboación.

A Sra. Besada Lores di que de cada 10 € 7 adícanse a Servizos Sociais a información en Poio é distinta xa que suprimiron as axudas: o exemplo máis claro é o plan concertado; as promesas electorais foron outras.

Pensamos que por parte do goberno Central os acordos estanse a cumprir.

A Sra. Ligerero Iglesias di que os primeiros en incumprir

foi o goberno do bipartito.

O Sr. Barreiro Lubián di que parece patético que se xogue cos electores a través do descoñecemento.

As promesas electorais foron grandiosos pero a realidade é outra porque é inviable de cumprir. O que se es-  
ta a facer é desmantelar o feito polo servizo existente, o que se está a facer é crear servizos que logo temos que asumir os concellos pero as competencias en Servizos Sociais é para os concellos de máis de 20.000 habitantes.

A Sra. Fernández González di que ata o de agora a Xunta concedeu axudas para emerxencias sociais pero agora a partida reduciuse sustancialmente.

No que se refire, a carga de traballo, si que aumentou coa Lei de Dependencia, nun primeiro momento contábase cunha traballadora social e na actualidade hai dúas no servizo.

A Sra. Besada Lores di que habería que ver a repartición do financiamento noutros concellos porque ao mellor cambia segundo a cor política.

O Sr. Agís Gómez di que os datos solicitados e que dependen do concello, solicitados ao pleno en sesións anteriores facilitáronse. O que non se poden é proporcionar datos que non dependen directamente do concello e naquel momento dependían do consorcio.

O plantexamento e posta en funcionamento foi complicada, xa que cando empezou o goberno do bipartito non existía un organismo ou ente que se adicara exclusivamente aos servizos sociais.

O Sr. Barreiro Lubián di que para ter os datos hai que prestar o servizo non podemos asumir competencias da Xunta e non se pode pasar o morto e asumir máis carga de traballo e máis persoal, e ao final de todo quen resolver non é o concello.

Sometida a votación á emenda á totalidade presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego á proposta do Partido Popular sobre a revisión do financiamento da Lei de Dependencia obtívose o seguinte resultado:

1ª Votación: 10 votos a favor (7 do BNG e 3 do PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención.

2ª Votación: 7 votos a favor do PP, 10 votos en contra (7 do BNG e 3 do PSOE) e ningunha abstención.



Resultando que quedou aprobada en 1ª votación adoptouse o seguinte **acordo**:

Instar á Xunta de Galicia a:

1º. Dotar nos orzamentos para 2010 recursos suficientes para asegurar a cobertura de todos as persoas dependentes que, de conformidade co calendario de aplicación da lei, teñen dereiro a recibir a súa prestación.

2º. Pagar en prazo as prestacións que teñen recoñecidas as persoas dependentes.

3º. Instar ao Goberno do Estado a que dote nos orzamentos de 2010 de recursos suficientes para asegurar as coberturas derivadas da Lei de Dependencia, de acordo co calendario de aplicación da Lei.

4º. Manter os planos de despregamento do Sistema Galego de Benestar, acelerando a apertura das residencias e centros de día xa construídos e a construción dos que están proxectados.

5º. Colaborar cos concellos a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar na prestación de servizos e prestacións sociais de calidade ao conxunto da poboación de Galiza.

3320.- DESENVOLVEMENTO LOCAL, APROBACIÓN DA PROPOSTA DE ESTABLECEMENTO DE COTAS PERIÓDICAS NO GDR PONTEVEDRA-MORRAZO E NOMEAMENTO REPRESENTANTES TÉCNICOS.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do escrito remitido polo GDR Pontevedra-Morrazo con data 09 de novembro de 2009 de proposta de establecemento de cotas periódicas como asociado para garantir o funcionamento do GDR Pontevedra-Morrazo e que se devengarán en seis anualidades (periodo 2010-2015).

Consta no expediente proposta da alcaldía de data 11 de novembro de 2009 e ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 17 de novembro de 2009 e que di o que segue: "Dáse conta da Proposta da Alcaldía de data 11 de novembro de 2009 que, con motivo remisión por parte do GDR Pontevedra-Morrazo dunha certificación sobre o reparto de cotas periódicas aos asociados dentro do Programa Leader do período 2007/2013, establecéndose para o Concello de Poio a cota anual de 4021,00 euros (criterio de imputación poboacional), propón ao Pleno da Corporación Municipal a aprobación: 1º) Compromiso de consignación dos orzamentos xerais do concello para os vindeiros 5 anos (período 2010/1015) a cantidade plurianual anteriormente expresada que suma un total de 24126 €. 2º) O nomeamento, como representantes técnicos, de Dª Mª José Suárez Aspérez (Axente de Emprego e Desenvolvemento Local) e como substituta a Dª Consuelo de la

Peña Costoya (Técnica de Aperturas).

A Comisión por unanimidade acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación."

Non subscitándose debate ningún, a corporación por unanimidade acordou aprobar o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 17 de novembro de 2009 adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Comprometer de consignación nos orzamentos xerais do concello para os vindeiros 5 anos (período 2010/2015) a cantidade plurianual de 24126 € que se reparte seguindo criterios poboacionais en 4021,00 € anuais.

Segundo: Nomear representantes técnicos a D<sup>a</sup>. María José Suárez Aspérez (Axente de Emprego e Desenvolvemento Local) e a D<sup>a</sup>. Consuelo de la Peña Costoya (Técnica de Aperturas), membros titular e substituta, respectivamente.

3321.- INTERVENCIÓN, SOLICITUDES BONIFICACIÓN COTAS ICIO EXP. 272/09, 354/09, 373/08.- Dáse conta do expediente tramitado co motivo das solicitudes presentadas por D<sup>a</sup>. María Teresa Rodriño Carballa (Exp. 373/08), D. Juan Manuel Rial Diz (exp. 354/09) e D. José María Viñas Galiñanes (exp. 272/09) na que solicitan a bonificación do 95% prevista no artigo 4.5 c) da ordenanza fiscal reguladora do ICIO para a realización das obras referidas a cada expediente de urbanismo.

Dáse conta igualmente do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 17 de novembro de 2009 e que di o que segue: "Dáse conta do expediente tramitado a instancia dos propietarios de varias edificacións que se pretenden rehabilitar dentro da Area de Rehabilitación de Combarro, en virtude do Convenio asinado no seu día co Instituto Galego de Vivenda e Solo, prevíndose na Ordenanza reguladora aprobada a tal efecto unha bonificación do ICIO.

Dándose conta igualmente do dictame da Comisión Informativa de Urbanismo, polo que se informa favorablemente os expedientes de rehabilitación en dita area, así como do informe da intervención municipal, de data 11 de novembro de 2009, de que a ordenanza fiscal preve a concesión dunha modificación individual de ata o 95% da cota que resulte por aplicación do tipo impositivo previsto para as vivendas unifamiliares e que a bonificación ten que aprobarse polo Pleno do concello por maioría simple.

A Comisión por unanimidade acordou propoñer ó Pleno a aprobación da bonificación do 95% da cota do ICIO das

obras seguintes: Expte. 272/09, D. José María Viñas Galiñanes; Expte. 354/09 D. Juan Manuel Rial Diz e Expte. 373/08 D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Teresa Rodiño Carballa e que se realicen os trámites correspondentes para liquidar a cada un dos propietarios o 5% do ICIO."

Non subscitándose debante ningún, o pleno da Corporación acordou aprobar por unanimidade o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar bonificación do 95% da cota do ICIO das obras seguintes: Expte. 272/09, D. José María Viñas Galiñanes; Expte. 354/09 D. Juan Manuel Rial Diz e Expte. 373/08 D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Teresa Rodiño Carballa e que se realicen os trámites correspondentes para liquidar a cada un dos propietarios o 5% do ICIO."

Segundo: Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Urbanismo e aos interesados con indicación dos recursos que procedan.

3322.- INTERVENCIÓN, REVISIÓN RETRIBUCIÓN ECONÓMICA DO CONCESIONARIO DOS SERVICIOS PÚBLICOS DE ABASTECIMIENTO E SANEAMIENTO, AQUAGEST, SA.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 17 de novembro de 2009 e que di o que segue: "Dáse conta do expediente, da providencia da Alcaldía de data 3 de novembro de 2009 na que propón: "Primeiro: aprobar unha revisión da retribución económica do concesionario para o servizo de abastecemento de auga do 1,89% para o exercicio 2010. Segundo: aprobar unha revisión da retribución económica do concesionario para o servizo de saneamento do 12,68% para o exercicio 2010. Terceiro: non modificar as ordenanzas fiscais reguladoras dos servizos de abastecemento de augas e saneamento cara o vindeiro exercicio 2010 mantendo as tarifas aplicables e vixentes para o ano 2009 para os usuatios dos servizos." e do informe da intervención municipal de data 5 de novembro de 2009 indicando que o non incremento dos ingresos do Capítulo III no vindeiro exercicio 2010, derivados de non incrementar as tarifas e o incremento dos gastos no Capítulo II nun importe que rondará os 100.000 euros dará lugar a que se terán que reducir na mesma contía que se deixe de percibir determinados gastos correntes do mencionado exercicio 2010 co fin de non alterar o equilibrio orzamentario.

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningunha abstención e 4 votos en contra acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa

aprobación.”

Comeza a quenda de intervencións o Sr. Barreiro Lubián explicando que as retribucións económicas que se pagan a Aquagest son as resultantes despois de aplicar unha fórmula polinómica e este ano supón unha suba que ronda os 90000 € pero que este ano non vai repercutir nos veciños pola situación económica que se está a padecer. Isto contrasta coa postura do PP de rebaixar as taxas e impostos.

O Sr. Domínguez Lino di que é importante que de non baixar as taxas polo menos non se incrementen. E con respecto a moción, defender que está xustificada debido aos datos negativos do IPC. Poñer exemplos como Sanxenxo, Vigo e Pontevedra que baixan os seus impostos.

Non é ningún logro ter un presuposto de 11 millóns de euros e que nove millóns sexan débeda.

A Sra. Besada Lores di que a porcentaxe do 12,68% non ven dada pola privatización do servizo, senón que pola existencia dunha depuradora e 18 pozos de bombeo. Sempre piden que se presten servizos e que se fagan cousas, esta vez non repercutirá nos veciños.

Demandar unha vez máis a construción da depuradora que debería estar feita xa fai quince anos antes, no goberno do PP.

O Sr. Barreiro Lubián di que as subidas tampouco son espectaculares a máis alta foi dun 4%. Este ano hai un IPC negativo pero xa estivo máis hai que ver como é o IPC decembro.

A privatización o que supuxo foi un control dos prezos de auga e saneamento. Pero o que lle importa ao PP é desgastar ao equipo de goberno, dicindo as cousas a medias, porque o que non di é que a Xunta de Galicia ten prevista unha subida do 300% en usos domésticos e nos comerciais unha subida do 600%, esas si que son subidas desorbitadas.

O Sr. Martínez Blanco di que é insultante a actitude do PP cando solicita que se retiren as subidas dos impostos, xa que hai meses discutían a gratuidade dos libros, uns dereitos adquiridos polos cidadáns e logros do anterior goberno. E vostedes retiran esta gratuidade que ven sendo unha forma de subir os impostos. O que interesa é que non se presten servizos.

O Sr. Barreiro Lubián di que o ano pasado había unha débeda de 9 millóns pero imos mellorando xa que se debe menos que antes xa que se duplicaba a débeda.

Ningún prevé o que vai pasar co IPC de agosto e

menos de decembro. O prezo aumenta polo custe de electricidade que aumenta e para o ano que ven subirá máis.

No ano 2001 o saneamento baixou un 5% por cedición cara a CEE para mellorar o déficit, e rebaixouse pero repercutirá agora. O alcantarillado non é comparable ademais séguense cobrando as 1000 ptas de antes mellorando o saneamento.

O Sr. Agís Gómez di que as queixas serán as mesmas e as críticas caerán no Concello xa que terá a culpa porque é quen emite os recibos, o que menos saben os veciños é a subidas da Xunta que quedarán eximidos.

Sometido a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 17 de novembro de 2009 este quedou aprobado por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención, adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar unha revisión da retribución exonómica do concesionario para o servizo de abastecemento de auga do 1,89% para o exercicio 2010.

Segundo: Aprobar unha revisión da retribución económica do concesionario para o servizo de saneamento do 12,68% para o exercicio 2010.

Terceiro: Non modificar as ordenanzas fiscais reguladoras dos servizos do abastecemento de auga e saneamento cara o vindeiro exercicio 2010 mantendo as tarifas aplicables e vixentes para o ano 2009 para os usuarios dos servizos.

Cuarto: Comunicar o presente acordo á intervención municipal e á empresa concesionaria con indicación dos recursos que procedan.

3323.- RATIFICACIÓN ACORDO 7297 DA XGL DE DATA 09/11/2009, SOBRE ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN EN RELACIÓN Á SUBVENCIÓN OUTORGADA POLA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA A FORMACIÓN DO "II PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES DO CONCELLO DE POIO".- Dáse conta do expediente tramitado co motivo da aprobación do II Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Poio e do acordo 7297 adoptado por razón de urxencia en aplicación do disposto no artigo 16 do Regulamento Municipal, pola Xunta de Goberno Local, do 09 de novembro de 2009 e que di o que segue: "Previa declaración de urxencia, en votación ordinaria e polo voto favorable dos cinco concelleiros

presentes, de conformidade co artigo 83 do R.O.F., R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dase conta da elaboración do "II Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes" ao abeiro da axuda outorgada por Resolución de 10 de setembro de 2009 da Consellería de Traballo e Benestar ao abeiro da Orde do 18 de marzo de 2009 pola que se convocan subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia dirixidas a favorecer e dinamizar o compromiso coa igualdade de oportunidades de mulleres e homes.

Para tal efecto, a concellería delegada de igualdade levou a cabo unha contratación menor dos servizos nos termos do art. 122 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, obrando no expediente factura nº B/ 200968 de 4 de novembro de 2009 emitida pola empresa Inteligencia y Tecnología, S.L. Polos traballos "Elaboración II Plan de Igualdad" por importe de 3.393,97.

Obra no expediente informe da secretaria de 9 de novembro de 2009.

Non substanciándose debate ningún, en votación ordinaria e polo voto favorable dos seis membros presentes, a Xunta de Goberno Local, ante a necesidade de pode xustificar a axuda outorgada dentro do prazo marcado no art. 13 da referida Orde do 18 de marzo de 2009, de conformidade co establecido no art. 16.d) do Regulamento Orgánico Municipal, acordou:

Primeiro: Prestar aprobación ao II Plan de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Poio.

Segundo: Para os efectos establecidos no art. 13 da Orde de 18 de marzo de 2009 pór de manifesto:

Que esta entidade non solicitou nin concedeuse, por tanto, axuda ningunha procedente das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, independentemente da concedida pola Consellería de Traballo e Benestar ao abeiro da Orde do 18 de marzo de 2009.

Que o concello de Poio desenvolveu coa axuda outorgada a actividade que segundo a solicitude presentada consistiu na elaboración do " II Plan de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Poio".

Que o importe da subvención destinouse para a finalidade para a que foi concedida.

Terceiro: Dar conta do presente acordo ao Pleno na primeira sesión ordinaria que celebre para os efectos da súa ratificación así como á Comisión informativa de facenda, gobernación e contas nos termos do art. 126.2º do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

Cuarto: Dar traslado do acordo adoptado á Consellería de Traballo e Benestar xunto co resto de documentación xustificativa relacionada no devandito art. 13 da Orde de 18 de marzo de 2009.”

O expediente foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 17 de novembro de 2009.

Non subscitándose ningún debate, a Corporación por unanimidade de asistentes acorcou ratificar o acordo núm. 7297, de aprobación do II Plan de Igualdade de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Poio, adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión realizada o 09 de novembro de 2009, de conformidade co previsto no artigo 16 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Poio.

3324.- MOCIÓN DO BNG PARA QUE A XUNTA DE GALICIA DEMANDE AO GOBERNO DO ESTADO UNHA REFORMA FISCAL.- Sometida a votación a inclusión do presente acordo na orde do día por non ser previamente ditaminada por Comisión Informativa ningunha esta quedou aprobada por unanimidade.

Comeza a quenda de deliberacións o Sr. Barreiro Lubián explicando o contido da moción, trátase dunha petición ao Goberno Central a través do Goberno Autonómico para que non se aproba a reforma fiscal que supón o incremento do IVE, un imposto que pagan todos, xa que pensamos que son as rendas medias e baixas as que se verían máis afectadas, debería aplicarse a presión fiscal a aquelas rendas que máis o poden soportar como pode ser a través do IRPF, que se trata dun imposto progresivo e que grava a riqueza. Por iso se presenta esta moción.

A Sra. Besada Lores di que o grupo socialista sempre defendeu os impostos directos. Cando se elaboraron os orzamentos valorouse incrementar os impostos a través das rendas máis altas pero non é suficiente. Por iso, valorouse facer a través do IVE.

O Sr. Domínguez Lino di que ao goberno socialista e ao Sr. Zapatero a única situación que se lle ocorre para paliar a grave situación actual é a de sobir os impostos ás clases medias e traballadores, isto significa que:

A subida de impostos castiga ao aforro e ao consumo. Incrementan IVA, tipo reducido do 7 ao 8% e 2 puntos do 16% ao 18%. Polo tanto todos nos vemos afectados coa subida.

Subida de impostos como dixemos recae nas clases medias e traballadores, os produtos que incrementaron o prezo son entre outros, roupa, calzado, hostalería... por tanto son as

clases medias e traballadores as que van a soportar e sufrir máis estas subidas. No ano 2009 os presupostos eran do déficit e de paro. Como así xa o anunciara o PP e así se está a demostrar. E por desgracia os presupostos do 2010 son de déficit e máis paro.

Estamos a favor da moción pero pensamos que se debe de instar directamente ao goberno central non ten sentido de outra forma.

O Sr. Barreiro Lubián di que se fai a través da Xunta para que teña máis interese e máis apoio, xa que se trata dunha petición da comunidade autónoma, xa que algo en materia de IVE ten que dicir.

Ao BNG non lle parece mal a subida de impostos pero si os indirectos xa que os impostos deben pagarse en función dos ingresos.

A Sra. Besada Lores di que as expectativas de emprego do Plan E cumpríronse e superáronse, e aínda que vostedes digan que non, no momento que estamos hai estudos que o avalan e necesario esta subida de impostos.

Destacar que neste momento o que se está intentando facer é recapitalizar as desfeitas que vostedes fixeron, cando atacaron o déficit coa venda de todo.

Sometida a votación a moción presentada polo Bloque Nacionalista Galego esta quedou aprobada por 14 votos a favor (7 BNG e 7 PP), 3 votos en contra do PSOE e ningunha abstención, adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Instar á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado a retirada da proposta de incremento do IVE contemplada nos Orzamentos Xerais do Estado, e presente unha nova proposta onde non se incrementen os impostos indirectos, e se dote ao sistema tributario de maior progresividade. Polo tanto, que se acometa unha reforma fiscal baixo os principios de progresividade, equidade e xustiza tributaria, que implique unha menor presión fiscal para as rendas medias e baixas, e maior presión fiscal ás rendas máis altas, e implique tamen gravar con maior progresividade as rendas procedentes do capital e de actividades especulativas, así como a adopción de medidas efectivas contra a fraude e a evasión fiscal.".

NESTE MOMENTO SAE DO SALÓN DE SESIÓNS O CONCELLEIRO DO BNG D. XOSÉ LUIS MARTÍNEZ BLANCO.

3325.- MOCIÓN DO BNG PARA MANTER COAS MESMAS FUNCIONS AS OFICINAS I+B.

(NESTE MOMENTO SAE DO SALÓN DE SESIÓNS O CONCELLEIRO DO



BNG D. XOSÉ LUIS MARTÍNEZ BLANCO.)

Sometido a votación a inclusión do presente acordo na orde do día ao non ser ditaminado por comisión informativa ningunha esta quedou aprobada polos dezaseis membros presentes na sesión.

Comeza a quenda de deliberacións o Sr. Barreiro Lubián que explica que na actualidade as Oficinas de I+B están en entredito polo Goberno actual da Xunta de Galicia, que quere eliminalas e deixar a moitos traballadores e traballadores sen emprego, un emprego que teñen ao pasar un proceso selectivo. Pensamos que son necesarias xa que é un servizo necesario que ademais non poden asumir os concellos directamente e dunha forma exclusiva o motivo da moción é esa, que se manteñan estas oficinas creadas e necesarias para unha prestación integral dos servizos sociais.

NESTE MOMENTO ENTRA NO SALÓN DE SESIÓN O CONCELLEIRO DO BNG DO. XOSÉ LUIS MARTÍNEZ BLANCO.

A Sra. Besada Lores di que está de acordo coa moción, que o consorcio fai unha labor moi boa e con persoal calificado que pasou probas selectivas como outros empregados públicos, pero o que parece é que ao PP non lle gusta a xente que aprobou.

A Sra. Ligerio Iglesias pregunta como pensaban manter as oficinas de I+B sen partida orzamentaria.

Destacar que a xente non pasou un proceso selectivo, que están cubertas temporalmente, por ser un plan experimental, chegándose a un acordo coa CIG.

O Sr. barreiro Lubián di que a solución é facil senón está dotada haberá que consignala é unha decisión política.

Houbo probas selectivas e non entra a primeira que entra pola porta. A Directora Xeral rectificou nas súas palabras cando dixo que non houbera proceso ningún.

Aquí o que se pretende e desfacer todo o que fixo o goberno anterior, por iso interesa que desaparezan estas oficinas porque representa a un goberno anterior, trátase dunha estratexia de disuasión e distracción.

O Alcalde di que o consorcio naceu como unha idea, cunha concepción de servizos sociais universais para os galegos: Galescolas, Xantar na Casa, Anta.. En Poio recortaron un posto de traballo na Galescola que non se cubriu e non se sabe porque..

A idea do consorcio como universal, igualitario, ao principio houbo reticencia de concellos a entrar pero pouco a pouco, foron entrando. Os procesos foron lentos pero agora vese o resultado.

A problemática é que vostedes están intentando recolocar aos seus.

No fondo o que hai son dous modelos: 1º.- Servizos Sociais Universais 2º Servizo privatizador.

Sometido a votación a moción presentada polo Bloque Nacionalista Galego esta quedou aprobada por 10 votos a favor (7 votos do BNG e 3 do PSOE), 7 votos en contra (7 PP) e ningunha abstención, adoptándose se o seguinte acordo:

Primeiro: Instar á Xunta de Galiza a manter as oficinas de I+B coas funcións actuais en materia de familia, igualdade, menores e inclusión social e a dar continuidade ao proceso de consolidación de emprego para as traballadoras e traballadores das oficinas de I+B.

Segundo: Comunicar este acordo aos grupos do Parlamento galego.

3326.- SOLICITUDE DE CLUBS E ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS DO MUNICIPIO DE POIO, DE NOMEAMENTO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DA SECA E A REIBOA COMO "COMPLEXO DEPORTIVO MIGUEL ANXO PAZOS BARROS".- Iníciase este punto da orde do día coa lectura pola secretaria da Corporación do ditame aprobado pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas en sesión ordinaria celebrada con data 17 de novembro de 2009, na que os Concelleiros Delegados de Cultura e Turismo e Festexos elevaron á consideración de dito órgano colexiado o escrito presentado con data 17 de novembro por distintos clubs e asociacións municipais e que di o que segue: "Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes, dáse conta da solicitude formulada por diversos clubs e asociacións deportivas do municipio de Poio, de data 16 de novembro de 2009 e con data de entrada no Rexistro Xeral o día 17 de novembro de 2009, pola que se propón o nomeamento das instalacións deportivas municipais sitas en A Seca e na Reiboa como "Complexo Deportivo Miguel Anxo Pazos Barros".

Así mesmo dase conta da celebración o vindeiro día 20 de decembro de 2009 dun acto no que se descubrirá a correspondente placa nun monolito e a intención de dar dito nome á embarcación recentemente adquirida pola corporación.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación."

A secretaria dá conta así mesmo da incorporación ao expediente con posterioridade á realización da comisión informativa, de sendos escritos presentados con data 20 e 23 de novembro de 2009 polos que outros clubs e

asociacións de Poio, se suman á iniciativa.

Non formulándose debate ningún, en votación ordinaria e polo voto favorable dos dazasete membros presentes sendo éste o número legal de membros da corporación, en exercizo das facultades establecidas en favor do Pleno polos arts. 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do Réxime Local e concordante da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e en exercizo das competencias previstas no art. 25.2º e 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril e concordantes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, ACORDOU:

Primeiro.- Dar o nome ás instalacións deportivas municipais sitas en A Seca e na Reiboa, "Complexo Deportivo Miguel Anxo Pazos Barros" así como á embarcación municipal actualmente en uso pola Asociación Club Náutico Raxó.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ás asociacións e clubs solicitantes con indicación de que contra o mesmo poderán directamente no prazo de 1 mes, desde a notificación, interpor o recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía, de conformidade co disposto nos artigos 107.1 e 116.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999 pola que se modifica a primeira ou ben directamente Recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo de 1 mes segundo establece o artigo 117.2 da antedita Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo trascurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 43.2 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, poidendo entón os interesados interpoñer o recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de 6 meses contados desde o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ao establecido no artigo 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte a Dereito.

Terceiro.- Facultar ao Sr. Alcalde para a realización

de todos aqueles trámites que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

**Neste momento auséntase do Salón de sesións o concelleiro D. Manuel Domínguez Álvarez.**

3327.- MOCIÓN DO PSOE E DO BNG SOBRE DISTRIBUCIÓN DOS FONDOS DO PLAN ANTICRISE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA.- A continuación o alcalde somete a votación de conformidade co establecido no art. 97.2º do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, a inclusión da presente proposición na orde do día e tras o voto favorable dos dezaseis membros presentes, elévase á consideración plenaria moción presentada polos voceiros dos grupos municipais do BNG e PSOE de data 17 de novembro de 2009 sen que a Comisión Informativa de facenda, gobernación e contas teña emitido ditame de fondo.

Inicia o primeiro turno de interveccións o Sr. Barreiro Lubián, poñendo de manifesto a súa disconformidade cos criterios de distribución dos fondos do plan anticrise da Deputación Provincial de Pontevedra entre os concellos, así como que a tramitación do expediente de contratación e licitación se leve a cabo por dita entidade privando aos Municipios que podan dispoñer dos remanentes xenerados polas baixas na adxudicación.

Toma a palabra a Sra. Besada Lores quen sinala que tras as críticas do Partido Popular ao Plan E, a deputación gobernada por ese mesmo partido político diseña e pon en marcha un segundo Plan E totalmente arbitrario quedándose coas baixas, polo que mostra a súa total conformidade á moción subscrita.

O Sr. Domínguez Lino pregunta aos indicados voceiros polos criterios que establecerían eles, xa que en aplicación do fixados pola deputación, territorio e poboación, Marín con 26.000 habitantes conta con 980.000 euros e Poio con 16.000 habitantes con 1.080.000 euros. Pregunta así mesmo cal é a razón da preocupación coas baixas de licitación e coa adxudicación dos contratos.

O Sr. Barreiro Lubián dí que por que Poio non saia perxudicado non significa que os criterios de adxudicación estén ben. A deputación estivo un ano elaborando e estudando o Plan ata conseguir que os Municipios do Partido Popular lévense co mesmo máis do 50 % dos fondos, xa que pese a que o concello de Marín mencionado por D. Javier Domínguez é máis extenso en territorio e conta con máis veciños que Poio, ten asignado menos fondos polo que quebran os criterios presuntamente utilizados polo ente

provincial. Fixéronse tantos números que agora xa non saben qué fórmula utilizaron.

O Sr. Domínguez Lino insiste e volve a preguntar qué criterios establecerían D. Xulio Barreiro e D<sup>a</sup> Consuelo Besa Lores.

A voceira do PSOE resalta cómo a Deputación reservouse o 20 % dos fondos o que supón repartir entre os concellos 14 millóns menos de euros descoñecendo nestos momentos qué criterios vanse a aplicar na súa distribución. Destaca ademais que aínda non se procedeu a licitar obra ningunha. Insta a D. Javier Domínguez a que aclare a qué se está a referir coa referencia "ás empresas que traballan en Poio". O seu máximo interese na licitación das obras céntrase na posibilidade de que os municipios e os veciños podan disfrutar das baixas que xeneren a adxudicación da obras e que se traducirá nun aforro para o Sr. Louzán.

Toma apalabra D. Gregorio Agís para comentar que nas Mesas de Contratación acualmente non toman parte os políticos e que se ten algunha acusación que facer, que acuda aos xulgados, engadindo que con cargo a ese 20 % xa beneficiarán a posibles afectados polo reparto como o Concello de Sanxenxo. Pon como exemplo de transparencia ao Goberno central que tras as queixas plantexadas durante a execución do primeiro Plan E, no segundo Plan aprobado xa prevén expresamente a posibilidade de que os municipios fagan uso das baixas.

O Sr. Domínguez Lino aclara aos asistentes que ese 20% dos fondos destinarse aos convenios cos Concellos de Pontevedra e Vigo ou para o que se asinará ao proxecto do vial Anafáns-Campelo e pide coherencia para os membros do grupo municipal do BNG respecto á posición que en canto aos criterios mantiveron outros corporativos do mesmo partido en municipios como Sanxenxo.

O Sr. Barreiro Lubián manifesta que os membros do BNG en Sanxenxo queixaranse dos criterios de distribución e da contía dos fondos e nos aquí solo dos criterios. En Deputación chegaron a manexar ata oito distintas fórmulas e ao final tiveron que facelo a dedo e respecto a Sanxenxo, saberase, como despois de todo sairá máis beneficiada.

Pecha a quenda de intervencións o Alcalde para deixar constancia que de poderían ter elixido outros criterios como os do POL ou o PAM.

Rematado o debate, sometida a votación ordinaria, en exercicio das facultades previstas en favor do Pleno polos

arts. 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do Réxime Local e concordante da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e en exercicio das competencias previstas no art. 25.2º e 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril e concordantes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, por dez votos a favor (7 BNG e 3 PSOE) e sete en contra (PP), este órgano colexiado ACORDOU:

Primeiro.- Rexeitar os criterios de distribución dos fondos do Plan anticrise da Deputación entre os concellos.

Segundo.- Instar a Deputación de Pontevedra a modificar a disposición décimo terceira do plan de investimentos para que sexan os concellos quen adxudiquen directamente as obras unha vez aprobados os proxectos técnicos pola institución provincial.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo á Deputación Provincial de Pontevedra.

3328.- MOCIÓN DO BNG E PSOE SOBRE O ANTEPROXECTO DE LEI DE AUGAS DE GALIZA QUE VAI PRESENTAR O GOBERNO GALEGO.- Sometido a votación a inclusión do presente asunto na orde do día sen ser ditaminado previamente por comisión informativa ningunha esta quedou aprobada por unanimidade.

Comeza a quenda de deliberación o Sr. Barreiro Lubián que explica o contido da moción presentada no que tras unha exposición de motivos solicita que se adopte o seguinte acordo: "Retirar o anteproxecto de Lei de Augas de Galiza para consensuar a redacción dun novo cos concellos e organizacións sociais afectadas e que contemple as seguintes premisas: 1. Garantir o acceso ao ciclo completo de auga a tódolos cidadáns de Galiza en igualdade de condicións. 2. Garantir unha fiscalidade progresiva para a auga en Galiza que de ningún xeito supoña un incremento de carga impositiva na situación actual de crise pola vía dos impostos indirectos. 3. Unha regulación e ordenación dos usos da auga que recolla todas as casuísticas do territorio galego e do acceso á auga. 4. Ter en conta unha regulación dos usos industriais da auga que garanta o uso sostibel do recurso e unha xestión transparente do canon industrial do uso da auga".

Trátase principalmente dun anteproxecto de lei cun alto contido recaudatorio, moitas lagunas e feita a medida para algunhas empresas, pasariase dun canos de 0.20 m/3 por auga consumida ata o 1.5 € fixo e as cantidades dependen dos membros da unidade familiar. Isto vai supor que unha familiar con seis membros e 26 m/3-140 litros aumente o consumo no 100% pero a unha familia na mesma situación, pero monoparental, suporalle un incremento do 317%. Nos

consumos industriais suporá máis dun 600%, restaurantes, hoteis, perruquerías suporá un 295% de incremento, que consideramos como subidas desproporcionais.

É os ingresos están previstos na lei de orzamentos.

A Sra. Besada Lores di que o partido socialista está de acordo coa moción presentada xa que non respectan para nada aos veciños, falan de consenso e logo presentan un texto sen comunicarllo a ninguén (FEGAMP...). Para que non chegue a ser lei deberase votarse en contra e así o faremos.

O Sr. Domínguez Lino di que non apoiarán a moción xa que se trata dun anteproxecto de lei, que non é o texto definitivo, está previsto negociar coa FEGAMP.

Remata a quenda de intervencións o Sr. Alcalde dicindo que claramente se trata dunha lei con afán recaudatorio e as leis deben de ser comunicadas e presentadas, anteriormente así se facía, presentábanse os textos na FEGAMP, outra cousa distinta e o sentido da votación que obtivese, pero si que se presentaban.

Sometida a votación o texto da moción presentado polo Bloque Nacionalista Galego en contra do Anteproxecto de Lei de Augas de Galiza esta quedou aprobada por 10 votos a favor (7 do BNG e 3 do PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención adoptándose o seguinte **acordo**:

Primeiro: Solicitar a retirada do anteproxecto de Lei de Augas de Galiza para consensuar a redacción dun novo cos concellos e organizacións sociais afectadas e que contemple as seguintes premisas:

a) Garantir o acceso ao ciclo completo de auga a tódolos cidadans de Galiza en igualdade de condicións.

b) Garantir unha fiscalidade progresiva para a auga en Galiza que de ningún xeito supoña un incremento de carga impositiva na situación actual de crise pola vía dos impostos indirectos.

c) Unha regulación e ordenación dos usos da auga que recolla todas as casuísticas do territorio galego e do acceso á auga.

d) Ter en conta unha regulación dos usos industriais da auga que garanta o uso sostíbel do recurso e unha xestión transparente do canon industrial do uso da auga

3329.- URBANISMO, EXP. 525/08, RECTIFICACIÓN DO ERRO MATERIAL QUE SE PRODUCIU NA REDACCIÓN DA PLANIMETRÍA DO PLAN XERAL, PARA INCLUIR UN CAMIÑO NO LUGAR DO CASAL, NO EXPEDIENTE PROMOVIDO POR D<sup>a</sup>. MAÍA LUISA MURILLO POUSADA E D. SERAFÍN ALONSO ABILLEIRA.- A continuación o alcalde somete a votación de conformidade co establecido no art.

97.2° do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, a inclusión do presente asunto na orde do día e tras o voto favorable dos dezasete membros presente, elévase á consideración plenaria a rectificación do erro material que se produciu na redacción da planimetría do PXOM, para incluír trazado parcial dun camiño no lugar do Casal, no expediente promovido por D<sup>a</sup>. María Luisa Murillo Pousada e D. Serafín Alonso Abilleira.

Dito asunto foi informado favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo na súa sesión ordinaria realizada con data 24 de novembro de 2009 adoptándose o seguinte ditame: "E previa lectura do informe emitido polo Asesor Xurídico do Concello que dí textualmente:

"Visto o expediente tramitado, con motivo da licenza de segregación solicitada por Dna. María Luísa Murillo Pousada e D. Serafín Alonso Abilleira, segundo proxecto redactado por D. José María Vidal Fernández, Enxeñeiro Técnico Agrícola, de abril de 2008, do que resulta a parcela núm. 1 de 1.283,00 m<sup>2</sup> edificable en Solo de Núcleo Rural e parcela núm. 3 de cesión ó Concello para o camiño ó que enfrota a parcela, de 81,00 m<sup>2</sup>, emítese o seguinte informe:

Primeiro: Con data 26 de decembro de 2008 esta asesoría emitiu informe no que se transcribe o informe emitido por D. Justino Guerra Arroyo, con data 25 de novembro de 2008, do que se desprende que o camiño ó que enfrota a parcela núm. 1 que se pretende segregar xa existía no Catastro do ano 1960 como camiño público, e solicitando informe do Aparellador Municipal e do Enxeñeiro Municipal.

Segundo: Con data 8 de xaneiro de 2009 emítese novo informe por esta asesoría, á vista do informe emitido por D. Justino Guerra Arroyo e polo Enxeñeiro Municipal o 8 de xaneiro de 2009, propoñendo esta asesoría que antes de conceder a licenza de segregación da parcela 1, debería de tramitarse unha rectificación do erro material que se produciu na redacción da planimetría do Plan Xeral, coa finalidade de incluír na mesma o camiño indicado coa consideración de camiño público grafiándose polo arquitecto municipal o trazado correspondente, indicándose en dito informe os trámites a seguir para dita rectificación.

Terceiro: Consta no expediente oficio de 1 de setembro de 2009, da Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, ó que se xunta informe sobre rectificación de erro no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Poio, ó que se refire este expediente, rematando a



asesoría xurídica no seu informe que pode procederse á corrección de erro pola vía do art. 105.2, seguindo os mesmos trámites indicado no informe desta asesoría xurídica de 8 de xaneiro de 2009, apartado cuarto.

Cuarto: Con data 11 de novembro de 2009 tivo entrada no Concello o informe emitido polo Arquitecto D. Alfredo Díaz Grande, en contestación ó escrito remitido polo Concello de Poio o 23 de setembro de 2009, sobre rectificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal en camiño Estanco Vello, indicándose que o tramo 1 do camiño ó que se refire este expediente (do plano que xunta a dito informe), non se advirte a existencia do camiño no Plan Xeral, pero apreciase unha masa forestal que pode ocultalo.

Indicando tamén dito arquitecto no seu informe que "na normativa do planeamento, no seu capítulo V "ordenanzas regulares" o apartado 5.11 "normas xerais de urbanización" recóllese que "os efectos de presente Plan Xeral o sistema viario comprenderá ó conxunto da rede de vías de dominio e uso público proxectadas e construídas para a circulación de vehículos e peóns" , recoñecendo que dito camiño denominado Estanco Vello, nos planos do Plan Xeral (Ordenación Xeral 07) non se atopa grafiado na súa totalidade, coincidindo o grafiado coa cartografía base que sirvú para a redacción do Plan Xeral; e indicando igualmente que " respecto ó catastro histórico, a súa utilización durante o proceso de elaboración e tramitación do documento foi testimonial, circunscribíndose a situacións moi concretas, derivadas dalgún escrito de alegación "non utilizándose para o caso que nos ocupa"

Por todo iso, considera este informante que pode o Pleno do Concello adopta-lo acordo correspondente de rectifica-lo erro material do Plan Xeral incluíndo na planimetría do mesmo o camiño público que enfrota á parcela núm. 1 que pretende segregar Dna. María Luísa Murillo Pousada e D. Serafín Alonso Abilleira, grafiándose previamente pola Arquitecto Municipal o trazado correspondente a dito camiño público no plano de ordenación xeral 07, previo dictame- proposta da Comisión Informativa de Urbanismo e seguindo os trámites indicados no informe desta asesoría de 8 de xaneiro de 2009"

E previa lectura do informe emitido pola Secretaria Xeral do Concello que dí textualmente: "Paula Ramos Díaz, funcionaria de Administración Local con habilitación de carácter estatal, Secretaria do concello de Poio, en cumprimento do disposto nos arts. 54 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia

de Réxime Local e 3 do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, emito o seguinte INFORME

- Antecedentes de feito.

- Con data 30 de maio de 2008 preséntase no concello solicitude de segregación de terreno sito en Camiño Estanco Vello nº 3 á que xunta proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico agrícola José M<sup>a</sup> Vidal Feernández visado con data 2 de maio de 2008. Con posterioridade, o interesado presenta un proxecto modificado de data visado 2 de decembro de 2008.

- O 6 de novembro de 2008 diríxese petición polo Alcalde dirixida a D. Justino Guerra Alonso no que se recolle: "...E tendo en conta que a cesión que se pretende de 81,00 m<sup>2</sup> é para ensanche dun camiño que non aparece reflectido no plano de ordenación do Plan Xeral, aínda que si aparece na certificación catastral descriptiva e gráfica que xunta, é polo que se solicita dese técnico que emita informe sobre o carácter público ou non de dito camiño na documentación catastral do ano 1960".

- El 28 de novembro de 2008 ten entrada no concello, número 6356, informe de D. Justino Guerra Arroyo indicando: "...Por lo anterior estimo que de acuerdo con la petición que me formula en Ayuntamiento, en 1960 existía el camino como público en el recorrido A-B-B-E-F con una extensión abierta B-C-H-D, siendo el tramo actual H-E un camino de pies o bien un camino de carro en malísimo estado".

- No expediente obran informes da arquitecto e aparelador municipal de 3 de outubro de 2008; do asesor xurídico de 2 de outubro de 2008; do aparelador de 26 de decembro de 2008; do enxeñeiro adscrito ao departamento de enxeñería D. José Luis Arias Rodríguez e do asesor xurídico de 8 de xaneiro de 2009.

- Con data 4 de maio de 2009, remítese á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, consulta sobre a aplicabilidade do procedemento previsto no art. 105.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro ou por contra requírese expediente de modificación conforme a Lei 9/2002, de 26 de novembro. Á solicitude xúntase copia do plano denominado "catastro histórico" e dos actuais planos catastrais no que se reflexa no lugar un trazado máis amplo que o que figura no PXOM.

- O 17 de xullo de 2009 ten entrada no concello escrito do xefe do Servizo Provincial de Urbanismo de Pontevedra no que se rexeita a primeira das indicadas posibilidades: "...Aínda que no seu oficio se sinala que o erro de feito despréndese da mera confrontación, entre a documentación que serviu de base á formación do Plan ( o

catastro histórico) e os planos incorporados finalmente como parte integrante do planemaneio xeral, cómpre respostarlle que debe tramitarse o procedemento de modificación do planeamento urbanístico, por que non se cumpren as circunstancias sinaladas, xa que o trazado da rede viaria pública é unha determinación esencial do solo de núcleo rural do plan xeral, implica un xuízo valorativo e implica unha toma en consideración de datos que non figuran no expediente do propio plan".

- O 31 de agosto de 2009 emítese pola asesoría xurídica da secretaría xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo informe no que entre outros extramos sinálase: "...Tendo en conta o anterior, a corrección proposta nos termos que se formula, en principio, non supón modificación algunha sobre o contido do plan xeral, nin alteración das súas previsións, senón que se limita ó recoñecemento dunha realizade física que non quedou plasmada no seu día na elaboración e aprobación no plan xeral...", concluindo: "...podería procederse á corrección de erro pola vía do artigo 105.2 da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, mediante a aprobación polo Pleno do concello de dita corrección, a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia correspondente, así como a remisión do expediente ( acordo do Pleno, publicación no BOP, e os docuemntos modificados e dilixenciados polo concello), a esta consellería, para o seu coñecemento, íosefectos do artigo 92 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia."

## 2. Consideracións xurídicas.

### Primeira.- Planteamento.

Dous son as cuestións fundamentais que plantexa o expediente: os límites entre rectificación e revisión do Plan e o carácter público do camiño cuxo trazado no PXOM quere correxirse.

Segunda.- A rectificación de erros e a a revisión do planeamento. Límites.

A solicitude formulada polo alcalde con data 4 de maio de 2009 facía referencia a informe desta Secretaría de 20 de abril de 2008:

"...Segundo.- Procedemento proposto. Rectificación de erros materiais.

A Claúsula terceira do Convenio delimita entre os compromisos que asume o concello de Poio: "a) Rectificar o

erro existente no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Poio en canto as aliñacións da Rúa Peirao...". Para elo baséase no informe emito polo equipo redactor do Plan ao que se fixo referencia nos antecedentes de feito.

É aplicable ao ámbito do planeamento urbanístico o mecanismo da rectificación de erros prevista no artigo 105 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, non recollendo figura análoga a lexislación urbanística:

"As Administracións públicas poderán así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos"

Pero coma cuestión previa é preciso deslindar o campo de aplicación desta figura no ámbito do planeamento urbanístico, de marcado carácter excepcional segundo a xurisprudencia

A Sentencia de 8 de xaneiro de 1998, da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Canarias fundamento xurídico oitavo sinala ao particular:

"Por outra parte si la técnica de la rectificación de errores materiales tiene como principal consecuencia el descarte de la doctrina de los actos consentidos, no resulta de invocación en hipótesis conceptuales que recaban los trámites rigurosos de los arts. 102 y 103 del LPC, radicando por tanto el problema en determinar la fronteras entre el error de hecho y derecho, a fin de evitar el llamado *fraus legis*, negándose siempre que su apreciación implique un juicio valorativo o exija una operación de calificación jurídica y por supuesto siempre que la rectificación represente realmente una alteración fundamental del sentido del acto, pues se niega aquella libertad en caso de duda o cuando la comprobación del error cual aquí *acaecel* (sic), exige la aportación de datos de los que no hay constancia en el *expte.*, porque el error al que se refiere el art. 105 es solamente error evidente, que consiste en mera equivocación que no transforman ni perturban la eficacia substancial del acto en el que se advierten"

Máis claramente a Sentencia do 24 de xuño de 1993 da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid establece o concepto de erro material e

lembra o doctrina xusrisprudencial sobre a súa aplicación e distinción doutro tipo de procesos:

“Segundo. Eliminado el obstáculo procesal que la Administración demandada ha opuesto a la viabilidad de la pretensión actora y, por ello, a la decisión de la cuestión de fondo suscitada con la interposición del recurso contencioso-administrativo, procede entrar al examen de la misma no sin antes poner de manifiesto que el Plan General cuya corrección de errores materiales aquí se impugna ha sido anulado por esta Sala por introducir en su aprobación definitiva modificaciones sustanciales sin reiterar el trámite de información pública mediante (Sentencias 112/1992, de 6 de marzo -Sección 2ª-; 533/1992, de 14 de julio -Sección 1ª-; y 626/1992, de 7 de septiembre -Sección 1ª-), circunstancia de la que debe deducirse el limitado alcance del pronunciamiento que hagamos en esta Sentencia.

Pues bien, la cuestión litigiosa se reduce a constatar si los errores materiales corregidos mediante el acto recurrido son realmente tales o, si por el contrario, no pueden reconducirse a dicha categoría jurídica debiendo concluirse que la Comunidad de Madrid, aplicando el artículo 111 de la Ley de Procedimiento Administrativo y por ello por vía inadecuada, ha procedido a modificar algunas determinaciones del Plan General de Ordenación Urbana de Las Rozas de Madrid.

Así las cosas, debe tenerse presente que el procedimiento previsto en el artículo 111 de la Ley de Procedimiento Administrativo tiene por finalidad arbitrar una fórmula que evite que simples errores materiales y patentes pervivan y produzcan efectos desorbitados o necesiten para ser eliminados de la formalidad de los costosos procedimientos de revisión (véase Sentencia del Tribunal Supremo de 27 de febrero de 1990), lo que avoca a una necesaria interpretación y aplicación restrictiva del mencionado precepto legal y del procedimiento en él contemplado (véanse Sentencias del Tribunal Supremo de 21 de abril de 1978 y 18 de septiembre de 1985) para evitar que a través del mismo se encubra una auténtica potestad revisora de oficio, eludiendo los trámites formales de los artículos 109 y 119 de la propia Ley (véase Sentencia del Tribunal Supremo de 1 de febrero de 1991).

En esta línea interpretativa ha de ponerse de manifiesto que el error material es aquel que merece la calificación de independiente de cualquier opinión o criterio que pueda sustentarse en orden a la calificación jurídica de la figura, situación, etc., en que el error de hecho se haya producido (véanse Sentencias del Tribunal

Supremo de 20 de abril de 1966, 4 de julio de 1973, 31 de mayo de 1974, 20 de julio de 1984 y 5 de noviembre de 1985). En otras palabras, el error de hecho es aquel que versa sobre un hecho, cosa o suceso, esto es, algo que se refiere a una realidad independiente de toda opinión, criterio particular o calificación, debiendo poseer las notas de ser evidente, indiscutible y manifiesto (véanse Sentencias del Tribunal Supremo de 17 de diciembre de 1965, 5 de diciembre de 1977, 17 de junio de 1981 y 6 de abril de 1988). Se trata en suma de <<errores>> accidentales que resultan del propio expediente administrativo (véanse Sentencias del Tribunal Supremo de 20 de julio de 1984, 30 de mayo de 1985, 31 de enero de 1989 y 27 de febrero de 1990).

Siendo ello así, para que exista error material o de hecho se requiere:

a) Que posea realidad independiente de la opinión o criterio de interpretación de las normas jurídicas aplicables (véanse Sentencias del Tribunal Supremo de 17 de octubre de 1983, 20 de julio de 1984, 22 de octubre de 1986 y 25 de febrero de 1987).

b) Que se pueda constatar teniendo exclusivamente en cuenta los datos del expediente administrativo (véanse Sentencias del Tribunal Supremo de 20 de julio de 1984, 30 de mayo de 1985, 31 de enero de 1989 y 27 de febrero de 1990).

c) Que se pueda rectificar sin que padezca la subsistencia jurídica del acto que lo contiene (véanse Sentencias del Tribunal Supremo de 20 de julio de 1984, 30 de mayo de 1985, 31 de enero de 1989, 27 de febrero de 1990 y 1 de febrero de 1991).

Tercero. De lo anterior se deduce que el control del acto administrativo recurrido debe hacerse no tanto desde la perspectiva de las consecuencias, en orden a las determinaciones urbanísticas, que se derivan de las dieciséis correcciones acordadas sino desde la consideración de si los extremos rectificadas pueden conceptuarse como verdaderos errores materiales que se deducen de modo evidente, indiscutible y manifiesto de la propia documentación del Plan General definitivamente aprobado.

Desde esa perspectiva podemos ya concluir, como lo ha hecho el Perito que ha emitido informe en este juicio, que las rectificaciones identificadas en el acuerdo recurrido con los números 9, 11, 13, 14 y 15 lo son de verdaderos

<<errores>> materiales padecidos en la documentación gráfica del Plan, en cuanto a través de ellas se trata de corregir meros desaciertos de rotulación en los planos o adaptar siglas.

Otro tanto cabe decir de aquellas rectificaciones mediante las que se eliminan las contradicciones existentes entre planos de la documentación gráfica del Plan (las números 7 y 10). Se trata de contradicciones gráficas cuya confrontación con la correspondiente ficha normativa pone de manifiesto el error de delineación padecido en el plano corregido, no existiendo, pues, en dichos dos supuestos modificación alguna de las determinaciones del Plan General de Las Rozas sino mera corrección de un error material de delineación.

Otro tanto cabría decir de la rectificación identificada con la número 1, mediante la que en el plano 2c se corrige la falta de línea de cierre del suelo urbano del casco de Las Rozas, tal y como aparece grafiada en el plano 1c. Sin embargo, como afirma el Perito, practicada la rectificación dicha línea de cierre no coincide en ambos documentos, de manera que en el plano 2c rectificado una porción de suelo de forma triangular ha pasado de estar clasificada como suelo urbano a estarlo como suelo no urbanizable. A la misma conclusión ha de llegarse en relación con la rectificación

número 3 en la que si bien se trata de corregir la contradicción existente entre los planos 2a y 2b, al rectificar el primero de dichos dos planos se hace de manera que no coincida con lo grafiado en el segundo, provocando que determinadas zonas del suelo cambien de clasificación. Estamos, pues, en presencia de dos subrepticias modificaciones del Plan mediante el cambio de clasificación urbanística de porciones de terreno adoptada por un procedimiento, el de <<rectificación>> de <<errores>> materiales, inadecuado para ello, por lo que en este punto el acto recurrido debe ser declarado nulo [artículo 47.1,c) de la Ley de Procedimiento Administrativo]."

Cabe así destacar un dos límites aos que se refiere a anterior sentencia: a rectificación de erros materiais procede cando despois de correxisdos non se altera ou cambia o contido do acto administrativo de manera que subsiste con iguais efectos e alcance. Desta forma e a título de exemplo a xurisprudencia ve inviable que por aplicación da rectificación de erros se modifique a alineación dun callejón....".

No escrito de contestación á consulta plantexada polo concello do servizo provincial de urbanismo negábase a posibilidade de utilizar a vía do art. 105.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro por tres motivos:

- A necesidade de realizar una verdadeira operación de valoración.
- Implica unha toma en consideración de datos que non figuran no expediente do propio plan.
- Afecta a unha determinación esencial do Plan Xeral para o solo de núcleo rural.

Respecto a primeira delas, erro de feito ou de dereito, é preciso determinar qué cabe entender por "valoración". O fundamento xurídico undécimo da Sentenza de 28 de decembro de 1998 do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña sinala:

**"...Undécimo:** Es oportuno abundar en la valoración que se acaba de anticipar porque constituye el núcleo de la cuestión litigiosa.

Considera la Sala que el lamentable error producido cuando se confeccionaron el índice, el plano y las fichas del Catálogo no puede subsanarse por el procedimiento del art. 105.2 L 30/1992 que permite a la Administración, en cualquier momento, rectificar de oficio o a instancia de los interesados los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos. Aquí no se trata en verdad de un simple error material, de inequívoca apreciación, porque hay que dirimir una alternativa mediante un juicio cargado de valoración: o se considera que la inclusión de la fotografía en la ficha -y congruente descripción- obedece a un error del equipo técnico redactor del Catálogo, o por el contrario que el error se da en el nombre y dirección reflejados en la ficha. Es el dilema que ya se apuntaba al comienzo del FJ 2.º.

Pues bien, para resolver razonablemente este dilema considera el Tribunal que hay suficientes elementos e indicios: el deseo del Consistorio de catalogar el «Corral de la Vila» en atención a un interés histórico, ya consignado en un informe del archivero municipal de 16 Dic. 1988 que obra en las actuaciones; el concluyente informe de los arquitectos redactores del Catálogo y su declaración testifical acerca del error sufrido al fotografiar la pequeña masía en lugar del corral; la definición neutra que se hace de este edificio en ficha 444, simplemente morfológica, que no comporta la afirmación de algún valor



artístico o arquitectónico; la inexistencia en los autos y en las actuaciones administrativas del menor dato que avale la catalogación de esta masía, opinión también sustentada por los arquitectos en su declaración testifical; el tipo de protección que se recoge en la ficha -el VII, correspondiente «a aquells edificis situats fora del sòl urbà (masies o assimilables) que responden a les caracteriques de l'arquitectura tradicional. El Pla Especial defineix la seva protecció, no tan sols de l'edifici en sí, sinó de l'entorn més immediat al mateix (barri, era, bassa, i altres) i que en algún cas inclou elements de més valor arquitectònic-arqueològic que la masia en sí (cas de les torres de defensa)», de acuerdo con el art. 5 de las normas urbanísticas del Plan Especial-, inadecuado a la masía en cuestión, un edificio de vivienda integrado en la trama del ensanche urbano; la existencia de masías similares que no se han tomado en consideración; la calificación urbanística del solar, que sería incompatible con la protección cultural; y la misma ubicación en el plano e índice del Catálogo (haciendo esquina con la plaza Joan Duran i Ferret). El conjunto de todos estos datos justifica que se pueda informar favorablemente la descatalogación de la masía sita en c/ Vidal i Barraquer. No hay por qué mantener la protección de un edificio que nunca se quiso catalogar, ni hay constancia de que fuese susceptible de ello. ...”.

Non obstante, a situación descrita na devandita sentença non é extensible áo expediente que está a ser obxeto de informe, por canto non existe dualidade de solucións ou alternativas posibles nin é necesario realizar operación ningunha de interpretación de normas xurídicas aplicables por canto o camiño é preexistente ou non ao propio PXOM, cun determinado trazado. Tampouco se ve afectada a clasificación de solo que proceda aplicar aos terreos afectados.

O feito de que o erro afecte a unha determinación propia do PXOM para solo de núcleo rural ( art. 56.c) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia ), como límite á utilización da rectificación prevista no art. 105.2º da Lei 30/1992, de 26 de novembro, implicaría case a imposibilidade de que fose utilizada tal figura no ámbito urbanístico ou cando menos, solo tería cabida en aspectos que fosen propios de planeamento de desenvolvemento.

A xuízo desta informante tal limitación non pode ser aplicada de forma aislada senon sempre de forma conxunta cos demais requisitos descritos pola xurisprudencia, interpretación que ven avalada polo feito de que aquela

tería admitido que a rectificación afecte a tal clase de determinacións (Sentencia do 24 de xuño de 1993 da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid nos termos xa analizados ).

Xa que tal e como establece o Tribunal Supremo na súa Sentenza de

"...SEXTO.- Desde luego que la rectificación del error conlleva importantes consecuencias: esa Unidad de Actuación pasará ahora a regirse por unas determinaciones urbanísticas distintas a las anteriores equivocadas, pero eso nada dice sobre la existencia del error. El error existe o no con independencia de sus consecuencias; puede ser nimio o de consecuencias importantes, pero el artículo 105-2 no dice que sólo los primeros sean salvables y aun pudiera concluirse que son precisamente los segundos los que con mayor razón deben ser corregidos...."

En canto á segunda das circunstancias que deben concurrir, o servizo provincial de urbanismo sinala que é necesario acudir a documentación que non integra o expediente. Pese a elo, deberá ser o equipo redactor do propio Plan o que determine especificamente se na documentación integrante do mesmo se incluía ou non, o camiño existente.

E elo tendo en conta que de expediente poderían facerse, como mínimo dous definicións. A primeira e máis restrictiva que parece ser a seguida no escrito de contestación da administración autonómica de xullo de 2009 cando indirectamente asume que "expediente" debe reconducirse ao conxunto definido no art. 61 da Lei 9/2002, do 30 de decembro e o resultante da tramitación administrativa pero excluindo como tal a que previamente serviu para a formación dos distintos planos, estudo do asentamento poboacional etc como é a documentación catastral que permite acreditar a existencia previa PXOM do trazado non previsto no mesmo. A segunda, acudindo á definición que de expediente ofrece o dereito administrativo local e así o art. 164.1º do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais:

"Constitúe expediente o conxunto ordenado de documentos e actuacións que serven de antecedente e fundamento á resolución administrativa, así como as dilixencias encaminadas a súa execución".

A propia Lei 9/2002, de 30 de decembro, acolle de forma expresa esta segunda concepción de expediente ao sinalar no segundo inciso do artigo 85:

"...A consellería no prazo dun mes, examinará con carácter previo a integridade documental tanto do proxecto de plan coma do expediente e das actuacións administrativas realizadas..."

O informe remitido pola asesoría xurídica da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo sinalaba expresamente:

"...Tendo en conta o anterior, a corrección proposta nos termos que se formula, en principio, non supón modificación algunha sobre o contido do plan xeral, nin a alteración das súas previsións, senón que se limita ó recoñecemento dunha realidade física que non quedou plasmada no seu día na elaboración e aprobación do plan xeral"...."

Aínda que tal e como xa se expuso non se produce alteración ningunha na clasificación de solo sí existe cambio na descripción que do camiño ofrece o Plan aumentando o seu trazado na superficie non prevista.

Cabe reiterar que a rectificación de erros ten que ser aplicada segundo abundante xurisprudencia do Tribunal Supremo dunha forma restrictiva sendo por tanto de utilización excepcional para aqueles erros que sexan claros, patentes e evidentes sen que en caso ningún poda producir perxuízo a terceiros.

Con data ... ten entrada no concello informe do equipo redactor do Plan no que se indica expresamente :

"...Por tanto la documentación reconoce como perteneciente al sistema general viario las vías construídas para la circulación de vehículos y peatones, sin embargo en los Planos del Plan General ( Ordenación General 7) el trazado del denominado Estanco Vello no se encuentra grafiado en su totalidad coincidiendo el grafiado con el de la cartografía base que sirvió para la elaboración del Plan General.

Respecto al Catastro Histórico, su utilización durante el proceso de elaboración y tramitación del documento, fue testimonial, circunscribiéndose a situaciones muy concretas, derivadas e algún escrito de alegación, no utilizándose para el caso que nos ocupa..."

Desta forma, en razón ao exposto, podendo existir outros moitas situacións nas que concorran similares circunstancias, tendo sido iniciado procedemento de revisión das determinacións do PXOM e o uso restrictivo que da aplicación da rectificación de erros debe realizarse, a funcionaria que subscribe o presente informe recomenda a utilización doutra clase de procedementos previstos na lexislación urbanística aplicable o a inclusión na documentación do indicado procedemento de revisión."

Esta Comisión acorda: Que se inicién os trámites correspondentes á corrección de erro material no Plan Xeral de Ordenación Municipal."

Non subscitándose debate ningún, sometido a votación a proposta ditaminada pola Comisión Informativa de Urbanismo na súa sesión realizada o 24 de novembro de 2009, ó abeiro do establecido nos arts.105.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do Réxime Local e concordante da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, polo voto favorable dos dazasete membros presentes sendo éste o seu número legal de membros, adoptouse o seguinte acordo:

Primeiro.- Rectificar o erro material existente na planimetría do PXOM do Concello de Poio na delimitación do trazado do Camiño Estanco Vello no lugar de Casal tal e como aparece delimitado no extracto do plano 0.7 do PXOM, dixitalizado e ampliado de escala 1/1000 para trazar o camiño formado pola arquitecto municipal con data 19 de novembro de 2009 e coas características definidas para o tramo 3 C-D no informe do departamento de enxeñería de 8 de xaneiro de 2008, que se unen como parte integrante do presente acordo.

Segundo.- Dar conta do presente acordo ao equipo redactor do PXOM de Poio para que proceda á elaboración dos planos que resulten así afectados.

Terceiro.- Dar traslado do acordo adoptado aos interesados con indicación de que contra este acordo pode directamente no prazo de dous meses, desde a notificación, interpo-lo Recurso Contencioso-Administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1988, de 13 de xullo; reguladora das xurisdicción contencioso-administrativa.

Cuarto.- Remitir o acordo á consellería competente en materia de urbsnismo e ordenación do territorio para os

efectos establecidos no art. 92.5º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

MOCIÓNS URXENTES.- De conformidade co previsto no Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo Sr. Alcalde sométese a consideración do Pleno a seguinte moción urxente:

3330.- URBANISMO, EXPEDIENTE 416/09 MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM DE SANXENXO EN CANTO AO TEXTO DA ORDENANZA 10 "ESPazos LIBRES DE USO E DOMINIO PÚBLICO".- De conformidade co disposto no artigo 91.4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese polo Sr. Alcalde a consideración do pleno por urxencia o presente acordo, a que quedou aprobada por unanimidade.

Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo na súa sesión realizada o 24 de novembro de 2009 e que di textualmente: "Previa lectura do informe emitido polo Arquitecto Municipal que di textualmente:

"Examinada a documentación remitida polo Concello de Sanxenxo o 28/10/2009 con entrada no Rexistro nº 5767 en relación á "MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM DE SANXENXO EN CANTO Ó TEXTO DA ORDENANZA Nº10 "ESPazos LIBRES DE USO E DOMINIO PÚBLICO", a técnico municipal emite o seguinte informe:

A Sra. Alcaldesa do Concello de Sanxenxo remitiu ó Concello de Poio, como administración limítrofe, a seguinte documentación:

- MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM DE SANXENXO EN CANTO Ó TEXTO DA ORDENANZA Nº10 "ESPazos LIBRES DE USO E DOMINIO PÚBLICO" redactada polo arquitecto-xerente de urbanismo e asinada o 10/12/2008.

Examinado dito documento debo participar o seguinte:

- que a modificación proposta refírese á regulación do uso de áreas de deporte non regradado nos espazos libres de uso e dominio público.

- que as disposicións do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Poio non se ven afectadas polo modificación do texto da Ordenanza nº 10 do PXOM de Sanxenxo. "

E previa lectura do informe emitido polo Asesor Xurídico do Concello que dí textualmente:

"Vista a documentación remitida polo Concello de Sanxenxo e o disposto na Lei 9/2002, do 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia modificada pola lei 15/2004, de 29 de decembro, e o previsto na lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente e a lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, teño a ben informar o seguinte:

PRIMEIRO.- Con data 28 de outubro de 2009, ten entrada no Concello oficio da Sra. Alcaldesa do Concello de Sanxenxo comunicando ó Concello de Poio que por acordo plenario de 29 de setembro de 2009 aprobouse inicialmente a "Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Sanxenxo en canto á ordenanza núm. 10 : Espazos libres de uso e dominio público" redactada polo Arquitecto Municipal, xuntando copia de dita modificación para emisión do informe sectorial correspondente.

SEGUNDO.- Con data 9 de novembro de 2009, a Arquitecto Municipal emite informe indicando que as disposicións do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Poio non se ven afectadas pola modificación do texto da ordenanza núm. 10 do Plan Xeral de Sanxenxo.

TERCEIRO: O art. 85.2 da lei 9/2002, en relación co 93.4, modificada pola lei 15/2004 establece a obrigatoriedade de dar audiencia ós municipios limítrofes, de toda modificación do Plan Xeral que se tramite polo Concello estremeiro, para alega-lo procedente durante o prazo de un mes e como máximo de dous meses.

Por todo iso, considera este informante que se debe dar conta da Modificación Puntual do Plan aprobado inicialmente polo Concello de Sanxenxo, ó Pleno do Concello de Poio para o seu coñecemento, previo dictame da Comisión Informativa de Urbanismo, facéndose constar por esta asesoría que ao non verse afectado o Plan Xeral de Poio pola Modificación Puntual aprobada inicialmente, non se estima necesario formular ningunha alegación contra dita modificación puntual, remitíndose o acordo que se adopte ao Concello de Sanxenxo para unión ao expediente"

E previa lectura do informe emitido pola Secretaria Xeral do Concello que dí textualmente:

"Paula Ramos Díaz, funcionaria de Administración Local con habilitación de carácter estatal pertencente ás Subescalas de Secretaría-Intervención e Secretaría, categoría de entrada, en cumprimento do establecido no artigo 3 do Real Decreto 1174/1987, do 18 de setembro, emito o seguinte INFORME

#### 1. Antecedentes de feito.

- Relación de expedientes informados para a súa inclusión na orde do día da Comisión Informativa de urbanismo a celebrar o 24 de novembro de 2009:

- Expediente 416/09, modificación puntual do PXOM de Sanxenxo en canto ó texto da Ordenanza nº 10 "Espazos públicos de uso e dominio público".

- Examinado o expediente consta a documentación que se relaciona de seguido:
- Comunicación do Concello de Sanxenxo de data 23 de outubro de 2009 pola que se pon en coñecemento desta entidade a aprobación inicial da "Modificación puntual do PXOM de Sanxenxo en canto ó texto da Ordenanza nº 10 "Espazos libres de uso e dominio público" á que xuntan unha copia para os efectos do seu exame.
- Informe da arquitecto municipal de 9 de novembro de 2009 no que se establece expresamente "...que as disposicións do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Poio non se ven afectadas pola modificación do texto da Ordenanza nº 10 do PXOM de Sanxenxo...".
- Informe do asesor xurídico de 11 de novembro de 2009.

#### 2. Consideracións xurídicas.

Primeira.- Procedemento.

Conforme ao art. 93.4º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia:

"A revisión do planeamento e as modificacións de calquera dos elementos dos planes, proxectos, normas e ordenanzas axustarase ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación, sen perxuízo dos disposto no art. 62 da presente Lei".

Dito procedemento é o definido no art. 85 da mesma lei, indicando no seu parágrafo segundo:

"O concello que o formulou procederá á súa aprobación inicial e a continuación someterase ó trámite de información pública, como mínimo durante un mes e como máximo durante dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e en dou dos periódicos de maior circulación da provincia. Simultaneamente e durante o mesmo prazo darase audiencia aos municipios limítrofes. Non será precisa a notificación do trámite de información pública aos propietarios dos terrenos afectados."

Segunda.- Órgano competente.

Ainda non previsto especificamente na normativa de referencia o que podería dar lugar a aplicación da cláusula residual que en favor do Alcalde prevé o art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do Réxime Local e concordante da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia, sendo a aprobación inicial do planemento xeral municipal competencia do Pleno conforme ao art. 22.2º.c) da referida Lei 7/1985, de 2 de abril, deberá ser tal órgano colexiado o que se pronuncie sobre as alteracións do planemento remitidas por outros Municipios limítrofes na medida en que podan afectar ós intereses xerais do Concello plasmados no plan xeral."

Esta Comisión acorda: Non formular ningunha alegación a dita modificación."

Non subscitándose debate ningún e sometido a votación ordinaria, en exercizo das competencias establecidas no art. 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do Réxime Local e concordante da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, ó abeiro do establecido no art. 85 art. 85 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, non existindo interese municipal ningún afectado, e de conformidade cos informes técnicos e o ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo emitido con data 24 de novembro de 2009, o Pleno acordou:

**Primeiro:** Non formular ningunha alegación á modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación de Sanxenxo en canto á ordenanza núm. 1: Espazos libres de uso e dominio público" redactada polo Arquitecto Municipal, aprobada inicialmente por dita entidade local.



**Segundo:** Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Urbanismo e ao Concello de Sanxenxo para os efectos establecidos no devandito art. 85 da Lei 9/2002, do 30 de decembro.

ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.- Prodúcese o seguinte rogo por parte do Sr. Domínguez Lino, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular:

- Rogaría unha reunión cos membros da xunta de voceiros da Corporación para debater os termos dos debates e das quendas de intervencións, así como o tema da presentación de mocións para que se presenten en tempo e poder coñecer o contido cando se pretenda votar.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte horas e dez minutos, da que se redacta a presente acta, de todo o que eu, Secretaria, dou fe.